Un “*derivado financeiro*” é un instrumento financeiro cuxo valor cambia como resposta aos cambios nunha variable observable de mercado (tal como un tipo de interese, de cambio, o prezo dun instrumento financeiro ou un índice de mercado), cuxo investimento inicial é moi pequeno en relación con outros instrumentos financeiros con resposta similar aos cambios nas condicións de mercado e que se liquida, xeralmente, nunha data futura.

Activos financeiros-

Os activos financeiros que posúe a Fundación clasifícanse nas seguintes categorías:

1. “Activos financeiros a custo amortizado”: inclúe activos financeiros, incluso os admitidos a negociación nun mercado organizado, para os que a Fundación mantén o investimento co obxectivo de percibir os fluxos de efectivo derivados da execución do contrato, e as condicións contractuais do activo dan lugar, en datas específicas, a fluxos de efectivo que son unicamente cobros de principal e intereses sobre o importe do principal pendente.

Con carácter xeral, inclúense nesta categoría:

- i. Créditos por operacións comerciais: orixinados na venda de bens ou na prestación de servizos por operacións de tráfico con cobro aprazado, e
 - ii. Créditos por operacións non comerciais: proceden de operacións de préstamo ou crédito concedidos pola Fundación cuxos cobros son de contía determinada ou determinable.
2. “Activos financeiros a custo”: inclúense nesta categoría os seguintes investimentos: a) instrumentos de patrimonio de empresas do Grupo, multigrupo e asociadas; b) instrumentos de patrimonio cuxo valor razoable non poida determinarse con fiabilidade, e os derivados que teñan como subxacente a estes investimentos; c) aportacións realizadas en contratos de contas en participación e similares; d) préstamos participativos con intereses de carácter continxente.

Considéranse empresas do Grupo aquelas vinculadas coa Fundación por unha relación de control, e empresas asociadas aquelas sobre as que a Fundación exerce unha influencia significativa. Adicionalmente, dentro da categoría de multigrupo inclúese a aquelas sociedades sobre as que, en virtude dun acordo, exércese un control conxunto cun ou máis socios. Adicionalmente, dentro da categoría de multigrupo inclúese a aquelas sociedades sobre as que, en virtude dun acordo, exércese un control conxunto cun ou máis socios.

Valoración inicial

Os activos financeiros rexístranse, en termos xerais, inicialmente ao valor razoable da contraprestación entregada máis os custos da transacción que sexan directamente atribuíbles.

Valoración posterior

Os activos financeiros a custo amortizado rexístranse aplicando o devandito criterio de valoración imputando á conta de perdas e ganancias abreviada os intereses devindicados aplicando o método do tipo de interese efectivo.

Os investimentos clasificados na categoría 2 anterior valóranse polo seu custo, minorado, no seu caso, polo importe acumulado das correccións valorativas por deterioración. As devanditas correccións calcúlanse como a diferenza entre o seu valor en libros e o importe recuperable, entendido este como o maior importe entre o seu valor razoable menos os custos de venda e o valor actual dos fluxos de efectivo futuros derivados do investimento.

A Fundación dá de baixa os activos financeiros cando expiran ou se cederon os dereitos sobre os fluxos de efectivo do correspondente activo financeiro e transferíronse substancialmente os riscos e beneficios inherentes á súa propiedade, tales como en vendas en firme de activos.

Polo contrario, a Fundación non dá de baixa os activos financeiros, e recoñece un pasivo financeiro por un importe igual á contraprestación recibida, nas cesións de activos financeiros nas que se reteña substancialmente os riscos e beneficios inherentes á súa propiedade.

Deterioración de valor de activos financeiros

Polo menos unha vez ao ano, a Fundación realiza un test de deterioración para os seus activos financeiros. Considérase que existe evidencia obxectiva de deterioración se o importe recuperable do activo financeiro é inferior ao seu valor en libros. Cando se produce, o rexistro desta deterioración rexístrase na conta de perdas e ganancias abreviada.

Pasivos financeiros-

Os pasivos financeiros asumidos ou incorridos pola Fundación clasifícanse en pasivos financeiros a custo amortizado, que son aqueles débitos e partidas a pagar que ten a Fundación e que se orixinaron na compra de bens e servizos por operacións de tráfico da Fundación, ou tamén aqueles que, sen ter unha orixe comercial, non poden ser considerados como instrumentos financeiros derivados.

Os débitos e partidas a pagar valóranse inicialmente ao valor razoable da contraprestación recibida, axustada polos custos da transacción directamente atribuíbles. Con posterioridade, devanditos pasivos valóranse de acordo co seu custo amortizado. Con todo, cando se trate de débitos por operacións comerciais con vencemento non superior a un ano e que non teñan un tipo de interese contractual, sempre que o efecto de non actualizar os fluxos de efectivo non sexa significativo, rexístranse polo seu valor nominal.

A Fundación dá de baixa os pasivos financeiros cando se extinguen as obrigacións que os xeraron.

Instrumentos de capital-

Un instrumento de capital representa unha participación residual no patrimonio da Fundación, unha vez deducidos todos os seus pasivos.

Os instrumentos de capital emitidos pola Fundación rexístranse no capítulo “Patrimonio Neto” do balance polo importe recibido, neto dos gastos de emisión.

Instrumentos financeiros derivados-

A Fundación non tivo subscritos ao longo do exercicio instrumentos financeiros derivados.

5. Créditos e débitos pola actividade propia:

As cotas, doazóns e outras axudas similares, procedentes de patrocinadores, afiliados e outros debedores, con vencemento a curto prazo, orixinan un dereito de cobro que se contabiliza polo seu valor nominal. Si o vencemento supera o citado prazo, recoñécese polo seu valor actual. A diferenza entre o valor actual e o nominal do crédito rexístrase como un ingreso financeiro na conta de resultados abreviada de acordo co criterio do custe amortizado.

Non se concederon préstamos no exercicio da actividade propia a tipo de interese cero ou por debaixo do interese de mercado.

O peche do exercicio efectúanse as correccións valorativas necesarias sempre que exista evidencia obxectiva de que se produciu un deterioro de valor nestes activos. A tal efecto aplica o criterio do custe amortizado.

As axudas e outras asignacións concedidas pola Entidade ós seus beneficiarios, con vencemento a curto prazo, orixinan o recoñecemento dun pasivo polo seu valor nominal. Si o vencemento supera o citado prazo, recoñécense polo seu valor actual. A diferenza entre o valor actual e o nominal do débito se contabiliza como un gasto financeiro na conta de resultados abreviada de acordo co criterio do custo amortizado.

Se a concesión da axuda é plurianual, o pasivo se rexistra polo valor actual do importe comprometido en firme de forma irrevogable e incondicional. Aplícase este mesmo criterio naqueles casos nos que a prolongación da axuda non estea sometida a avaliacións periódicas, sino ó mero cumprimento de trámites formais ou administrativos.

6. Existencias:

Valóranse ó prezo de adquisición ou custe de produción. O prezo de adquisición é o importe facturado polo proveedor, deducidos os descontos e os intereses incorporados ó nominal dos débitos máis os gastos adicionais para que as existencias se atopen ubicadas para a súa venda: transportes, aranceis, seguros e outros atribuíbles á adquisición.

O método FIFO é o adoptado pola Fundación por consideralo o máis axeitado para a súa xestión.

Os impostos indirectos que gravan as existencias só se incorporan o prezo de adquisición ou custe de produción cando non son recuperables directamente da Facenda Publica.

Dado que as existencias da Fundación non necesitan un período de tempo superior a un ano para estar en condicións de ser vendidas, non se inclúen gastos financeiros no prezo de adquisición ou custe de produción. Os anticipos a provedores a conta de subministro futuros de existencias valóranse polo seu custe.

A valoración dos produtos obsoletos, defectuosos ou de lento movemento redúcese ó seu posible valor de realización.

Cando o valor neto realizable das existencias é inferior ó seu prezo de adquisición ou ó seu custe de produción, efectúanse as oportunas correccións valorativas recoñecéndoo como un gasto na conta de perdas e ganancias abreviada.

Se deixan de existir as circunstancias que causaron a corrección de valor das existencias, o importe da corrección é obxecto de reversión recoñecéndoo como un ingreso na conta de perdas e ganancias abreviada.

7. Imposto sobre beneficios:

O gasto por imposto corrente determínase mediante a suma do gasto por imposto corrente e o imposto diferido. O gasto por imposto corrente determínase aplicando o tipo de gravame vixente á ganancia fiscal, e minorando o resultado así obtido no importe das bonificacións e deducións xerais e aplicadas no exercicio.

Os activos e pasivos por imposto diferido, proceden das diferenzas temporarias definidas como os importes que se prevén pagadoiros ou recuperables no futuro e que derivan da diferenza entre o valor en libros dos activos e pasivos e a súa base fiscal. Ditados importes rexístranse aplicando á diferenza temporaria ó tipo de gravame ó que se espera recuperalos ou liquidalos.

Os activos por impostos diferidos xorden, igualmente, como consecuencia das bases impositivas negativas pendentes de compensar e dos créditos por deducións fiscais xeradas e non aplicadas.

Recoñécese o correspondente pasivo por impostos diferidos para tódalas diferenzas temporarias impositivas, salvo que a diferenza temporaria se derive do recoñecemento inicial dun fondo de comercio ou do recoñecemento inicial (salvo nunha combinación de negocios) doutros activos e pasivos nunha operación que no momento da súa realización, non afecte nin ó resultado fiscal nin contable.

Pola súa parte, os activos por impostos diferidos, identificados con diferenzas temporarias deducibles, só se recoñecen no caso de que se considere probable que a Fundación vaia a ter nun futuro suficientes ganancias fiscais contra as que poder facelos efectivos e non procedan do recoñecemento inicial (salvo nunha combinación de negocios) doutros activos e pasivos nunha operación que non afecta nin ó resultado fiscal nin ó resultado contable. O resto de activos por impostos diferidos (bases impositivas negativas e deducións pendentes de compensar) soamente se recoñecen no caso de que se considere probable que a Fundación vaia a ter no futuro suficientes ganancias fiscais contra as que poder facelos efectivos.

Con ocasión de cada peche contable, revísanse os impostos diferidos rexistrados (tanto activos como pasivos) con obxecto de comprobar que se manteñen vixentes, efectuándose as oportunas correccións ós mesmos, de acordo cos resultados das análises realizadas.

O gasto ou o ingreso por imposto diferido correspóndese co recoñecemento e a cancelación dos pasivos e activos por imposto diferido, así como, no seu caso, polo recoñecemento e imputación á conta de perdas e ganancias abreviada do ingreso directamente imputado ó patrimonio neto que poida resultar da contabilización de aquelas deducións e outras vantaxes fiscais que teñan a natureza económica de subvención.

O réxime fiscal do Imposto sobre Sociedades aplicado á Fundación derivase da aplicación do Título II da Lei 49/2002 de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ó mecenado e o seu desenvolvemento regulamentario exposto no Real Decreto 1270/2003 de 10 de outubro, do Ministerio de Facenda, polo que se aproba o Regulamento para a aplicación do réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais o mecenado.

8. Ingresos e gastos:

Os gastos realizados pola Entidade contabilízanse na conta de resultados do exercicio no que se incorren, ó marxe da data en que se produza a corrente financeira. En particular, as axudas outorgadas pola Entidade recoñécense no momento no que se aproba a súa concesión.

En ocasións, o recoñecemento de estes gastos se difire en espera de que se completen algunhas circunstancias necesarias para o seu devengo, que permitan a súa consideración definitiva na conta de resultados abreviada.

Ditas regras son aplicables ós seguintes casos:

- a) Cando a corrente financeira se produce antes que a corrente real, a operación en cuestión dá lugar a un activo, que é recoñecido como un gasto cando se perfecciona o feito que determina a devandita corrente real.
- b) Cando a corrente real se estende por períodos superiores ó exercicio económico, cada un dos períodos recoñece o gasto correspondente, calculado con criterios razoables, sen prexuízo do indicado para os gastos de carácter plurianual.

As axudas outorgadas en firme pola Entidade e outros gastos comprometidos de carácter plurianual se contabilizan na conta de resultados abreviada do exercicio en que se aproba a súa concesión con abono a unha conta de pasivo, polo valor actual do compromiso asumido.

Os desembolsos relacionados coa organización de eventos futuros (exposicións, congresos, conferencias, etcétera) recoñécense na conta de resultados abreviada da Entidade como un gasto na data na que se incorren, salvo que estiveran relacionados coa adquisición de bens do inmovilizado, dereitos para organizar o citado evento ou calquera outro concepto que cumpra a definición de activo.

Na contabilización dos ingresos téñense en conta as seguintes regras:

- a) Os ingresos por entregas de bens ou prestación de servizos valóranse polo importe acordado.
- b) As cotas de usuarios ou afiliados recoñécense como ingresos no período ó que correspondan.
- c) Os ingresos procedentes de promocións para captación de recursos, de patrocinadores e de colaboracións recoñécense cando as campañas e actos se producen.
- d) En todo caso, deberanse realizar as periodificacións necesarias.

9. Provisións e continxencias:

As contas anuais da Entidade recollen todas as previsións significativas nas cales é maior a probabilidade que se teña que atender a obriga. As previsións recoñécense unicamente en base a feitos presentes ou pasados que xeren obrigas futuras. Cuantifícanse tendo en consideración a mellor información dispoñible sobre as consecuencias do suceso que as motivan e son reestimadas con ocasión de cada peche contable.

Utilízanse para afrontar as obrigas específicas para as cales foron orixinalmente recoñecidas. Procédese a súa reversión total ou parcial, cando estas obrigas deixan de existir ou diminúen.

10. Criterios empregados para o rexistro e valoración dos gastos de persoal:

Agás no caso de causa xustificada, as entidades veñen obrigadas a indemnizar ós seus empregados cando cesan nos seus servizos.

Ante a ausencia de calquera necesidade previsible de terminación anormal do emprego e dado que non reciben indemnizacións aqueles empregados que se xubilan ou cesan voluntariamente nos seus servizos, os pagos por indemnizacións, cando xorden, cárganse a gastos no momento en que se toma a decisión de efectuar o despedimento.

11. Subvencións, doazóns e legados:

As subvencións, doazóns e legados non reintegrables contabilízanse como ingresos directamente imputados o patrimonio neto e se recoñecen na conta de resultados abreviada como ingresos sobre unha base sistemática e racional de forma correlacionada cos gastos derivados do gasto ou inversión obxecto da subvención, doazón ou legado.

Nas subvencións, doazóns ou legados concedidos polos, fundadores o patróns séguese este mesmo criterio, salvo que se outorgasen a título de dotación fundacional ou fondo social, en cuxo caso se recoñecen directamente nos fondos propios da Entidade. Tamén se recoñecen directamente nos fondos propios, as aportacións efectuadas por un terceiro á dotación fundacional ou o fondo social.

As subvenciones, doazóns e legados que teñan carácter de reintegrables rexístranse como pasivos da entidade ata que adquiren a condición de non reintegrables. A estes efectos, considéranse non reintegrables cando existe un acordo individualizado de concesión da subvención, doazón ou legado a favor da Entidade, se teñen cumprido as condicións establecidas para a súa concesión e non existan dúbidas razoables sobre a súa recepción.

As subvencións, doazóns e legados de carácter monetario valóranse polo valor razoable do importe concedido. As de carácter non monetario ou en especie se valoran polo valor razoable do ben ou servizo recibido, sempre que o valor razoable do citado ben ou servizo poda determinarse de maneira fiable.

12. Clasificación dos activos e pasivos entre corrente e non corrente:

No balance axunto, os saldos se clasifican en non correntes e correntes. Os correntes comprenden aqueles saldos que a Fundación espera vender, consumir, desembolsar ou realizar no transcurso do ciclo normal de explotación (doce meses). Aqueles outros que non correspondan con esta clasificación, se consideran non correntes.

13. Aspectos medioambientais:

Os gastos relacionados coas accións levadas a cabo pola Fundación en materia de medio ambiente son imputadas ao resultado no exercicio no que se producen.

No caso de que ditas accións supoñan a adquisición, renovación, ampliación ou mellora de un inmovilizado, serían activadas no inmovilizado da Fundación aplicando os mesmos criterios de amortización que para as inmovilizacións materiais.

14. Liquidación do Plan de Actuación:

O Plan de Actuación incluído no orzamento da Fundación correspondente ao exercicio 2023 elaborouse seguindo o Principio do Devindicado, segundo o establece a Lei 50/2002, do 26 de decembro, de Fundacións, desenvolto polo Real Decreto 1337/2005, do 11 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de competencia estatal, de maneira que os ingresos e gastos recóllense en función da corrente real de bens e servizos que os mesmos representan, con independencia do momento en que se produza a corrente monetaria ou financeira derivada deles.

Nos gastos e ingresos previstos diferéncianse dous niveis segundo a natureza das operacións que dan orixe a estas. Así aparecen, en primeiro lugar, as operacións de funcionamento, que corresponden ás recollidas na



Conta de Resultados Abreviada, logrando desta forma a conciliación entre o resultado contable e a liquidación desta parte do Plan de Actuación, e en segundo termo aquelas relacionadas coas magnitudes fondo, para as que se empregan as partidas do Balance que poidan producir variacións do Plan.

05 - INMOBILIZADO MATERIAL

1. A análise do movemento comparativo do exercicio 2023 e 2022 de cada partida do balance incluída neste epígrafe e das súas correspondentes amortizacións acumuladas e correccións valorativas por deterioro acumuladas é a seguinte:

Terreos e construcións

Movementos terreos e construcións	Saldo 31/12/2023	Saldo 31/12/2022
SALDO INICIAL BRUTO	254.883.819	232.096.173
(+) Entradas	111.703	4.550
(+/-) Traspasos e outros movementos	652.545	22.783.096
SALDO FINAL BRUTO	255.648.067	254.883.819

Amortización terreos e construcións	Saldo 31/12/2023	Saldo 31/12/2022
AMORTIZACIÓN ACUMULADA, SALDO INICIAL	(43.965.570)	(39.479.534)
(+) Dotación á amortización do exercicio	(4.937.368)	(4.486.036)
(+/-) Traspasos e outros movementos	-	-
(-) Saídas, baixas ou reducións	-	-
AMORTIZACIÓN ACUMULADA, SALDO FINAL	(48.902.938)	(43.965.570)

Valor neto Contable	206.745.129	210.918.249
---------------------	-------------	-------------

Instalacións técnicas e outro inmovilizado material

Movementos instalacións técnicas e outro inmovilizado	Saldo 31/12/2023	Saldo 31/12/2022
SALDO INICIAL BRUTO	80.463.877	74.439.248
(+) Resto de entradas	391.925	470.074
(+/-) Traspasos e outros movementos	209.414	5.554.555
(-) Saídas, baixas ou reducións	-	-
SALDO FINAL BRUTO	81.065.216	80.463.877

Amortización instalacións técnicas e outro inmovilizado	Saldo 31/12/2023	Saldo 31/12/2022
AMORTIZACIÓN ACUMULADA, SALDO INICIAL	(69.261.425)	(66.265.571)
(+) Dotación á amortización do exercicio	(1.762.714)	(2.995.854)
(+/-) Traspasos e outros movementos	-	-
AMORTIZACIÓN ACUMULADA, SALDO FINAL	(71.024.140)	(69.261.425)

Valor neto Contable	10.041.076	11.212.452
---------------------	------------	------------

Inmovilizado en curso e anticipos

Movementos inmovilizado en curso e anticipos	Saldo 31/12/2023	Saldo 31/12/2022
SALDO INICIAL BRUTO	39.970	26.092.313
(+) Resto de entradas	2.494.365	2.314.832
(+/-) Traspasos e outros movementos	(861.959)	(28.337.651)
(-) Saídas, baixas ou reducións	-	(29.524)
SALDO FINAL BRUTO	1.672.376	39.970

Valor neto Contable	1.672.376	39.970
---------------------	-----------	--------

2. Información sobre:

- Durante o exercicio 2023 producíronse altas no inmovilizado material por importe de 2.997.993 euros (2.789.456 euros no exercicio 2022) correspondendo principalmente a construcións e adaptacións dos terreos do complexo por importe de 2.396.654 euros e instalacións asociadas por importe de 601.339 euros (2.319.382 euros e 474.074 euros respectivamente, no exercicio 2022). Unha parte das altas do exercicio 2023 permanecen en curso a 31 de decembro de 2023 pendentes da finalización das obras correspondentes nos próximos exercicios.
- No epígrafe "Terreos" recóllense os bens cedidos gratuitamente por Caixa Galicia (agora, Abanca) á Fundación Cidade da Cultura de Galicia e sobre os cales aséntase parte da Cidade da Cultura. A

superficie dos devanditos terreos é de 431.138 m² e o valor de cesión ascendeu a 4.271.155 euros. Por outra banda, no exercicio 2014 rexistrouse o custe asociado a 260.827 m² do resto de terreo onde se asenta a Cidade da Cultura de Galicia, que foran expropiados pola Xunta de Galicia e dos que a Entidade foi nomeada como beneficiaria. O valor asignado correspóndese co aboado pola Administración no proceso expropiatorio, que ascendeu a 3.094.776 euros. Tamén figuran rexistrados neste epígrafe as adaptacións posteriores dos terreos do complexo da Cidade da Cultura que se levaron a cabo nos últimos exercicios.

- c) Existe inmovilizado material totalmente amortizado ó peche dos exercicios 2023 e 2022 segundo o seguinte detalle:

Descrición	Exercicio 2023	Exercicio 2022
Instalacións técnicas	5.636.930	5.611.899
Outras instalacións e moblaxe	55.844.101	54.718.263
Equipos para procesos de información	514.777	476.259
Elementos de transporte	30.000	30.000
Outro inmovilizado material	3.521.978	3.382.446
Total	65.547.786	64.218.867

- d) A Fundación non ten activos materiais afectos a garantía no exercicio actual nin no anterior.
- e) As subvencións, doazóns e legados recibidos relacionados co inmovilizado material no exercicio actual están cuantificados en 3.090.047 euros (*mesmo importe dos activos subvencionados*) (ver nota 15).
- f) A política da Entidade é formalizar pólizas de seguros para cubrir os posibles riscos a que están suxeitos os diversos elementos do seu inmovilizado material. A administración revisa anualmente, ou cando algunha circunstancia o fai necesario, as coberturas e os riscos cubertos e se acordan os importes que razoablemente se deben cubrir para o ano seguinte.

06 - BENS DO PATRIMONIO HISTÓRICO

1. A análise do movemento comparativo do 2023 e 2022 de cada partida do balance incluída neste epígrafe é a seguinte:

Bens do Patrimonio Histórico	Saldo 31/12/2023	Saldo 31/12/2022
SALDO INICIAL BRUTO	810.635	708.538
(+) Resto de entradas	78.986	102.097
SALDO FINAL BRUTO	889.622	810.635
Valor neto Contable	889.622	810.635

O 4 de maio de 2016 a Biblioteca e o Arquivo de Galicia foron declarados pola Xunta de Galicia Bens de Interese Cultural. Respecto á súa consideración contable como bens do patrimonio histórico a Fundación opta por dar un tratamento homoxéneo ao patrimonio arquitectónico que configura á realidade Cidade da Cultura de Galicia. Diseccionar partes dos edificios para introducir dotacións de amortizacións non é coherente coa máis que posible declaración de ben de interese cultural que se decreta nun futuro. Tampouco estima xustificada a existencia de criterios contables diferentes para os distintos edificios no tocante ás correccións de valor, amortizacións ou deterioros.

As altas do exercicio corresponden principalmente con esculturas e murais de arte, contempladas na Disposición Xeral do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas do 22 de febreiro de 2016, como bens do patrimonio histórico.

07- INMOBILIZADO INTANXIBLE

1. A análise do movemento comparativo do 2023 e 2022 de cada partida do balance incluída neste epígrafe e das súas correspondentes amortizacións acumuladas e correccións valorativas por deterioro de valor acumuladas son as seguintes:

Patentes, licencias, marcas e similares



Movimentos patentes, licencias, marcas e similares	Saldo 31/12/2023	Saldo 31/12/2022
SALDO INICIAL BRUTO	379.652	376.082
(+) Resto de entradas	-	3.570
SALDO FINAL BRUTO	379.652	379.652

Amortización patentes, licencias, marcas e similares	Saldo 31/12/2023	Saldo 31/12/2022
AMORTIZACIÓN ACUMULADA, SALDO INICIAL	(338.205)	(324.031)
(+) Dotación á amortización do exercicio	(14.305)	(14.174)
AMORTIZACIÓN ACUMULADA, SALDO FINAL	(352.510)	(338.205)

Valor neto Contable	27.142	41.447
----------------------------	---------------	---------------

Aplicacións informáticas

Movimentos aplicacións informáticas	Saldo 31/12/2023	Saldo 31/12/2022
SALDO INICIAL BRUTO	565.738	563.850
(+) Resto de entradas	9.559	1.888
(+/-) Traspasos e outros movementos	11.132	-
SALDO FINAL BRUTO	586.429	565.738

Amortización aplicacións informáticas	Saldo 31/12/2023	Saldo 31/12/2022
AMORTIZACIÓN ACUMULADA, SALDO INICIAL	(544.847)	(506.784)
(+) Dotación á amortización do exercicio	(16.841)	(38.063)
AMORTIZACIÓN ACUMULADA, SALDO FINAL	(561.688)	(544.847)

Valor neto Contable	24.741	20.891
----------------------------	---------------	---------------

Outro inmovilizado intanxible

Movimentos inmovilizado en curso e anticipos	Saldo 31/12/2023	Saldo 31/12/2022
SALDO INICIAL BRUTO	7.623	-
(+) Resto de entradas	3.509	7.623
(+/-) Traspasos e outros movementos	(11.132)	-
(-) Saídas, baixas ou reducións	-	-
SALDO FINAL BRUTO	-	7.623

Valor neto Contable	-	7.623
----------------------------	----------	--------------

2. Información sobre:

- a) Existe inmovilizado intanxible totalmente amortizado ó 31 de decembro de 2023 e 2022 segundo o seguinte detalle:

Descrición	Exercicio 2023	Exercicio 2022
Aplicacións informáticas	527.372	519.154
Propiedade industrial	310.845	295.841
Total	838.217	814.995

08 - ARRENDAMENTOS E OUTRAS OPERACIÓNS DE NATUREZA SIMILAR

8.1 Arrendamentos operativos

O importe dos arrendamentos operativos que arrenda a Entidade é a seguinte:

Arrendamentos operativos: Información do arrendador	Exercicio 2023	Exercicio 2022
Importe dos cobros futuros mínimos por arrendamentos operativos non cancelables, dos cales:		
Ata un ano	484.413 €	594.022 €
Entre un e cinco anos	1.762.548 €	2.057.344 €
Importe das cotas recoñecidas como ingresos do exercicio	790.126 €	600.398 €

Os arrendamentos operativos anteriores se corresponden a contratos de cesión dos espazos dispoñibles no complexo da Cidade da Cultura de Galicia.



As cotas de arrendamento mínimas dos exercicios posteriores están calculadas sen ter en conta incrementos por IPC, actualización de rendas futuras e previsibles renovacións.

09 - INSTRUMENTOS FINANCEIROS

1. Inversións financeiras a longo e curto prazo. Outros activos financeiros

O movemento comparativo do exercicio actual e do exercicio anterior de cada partida do balance incluída nestes epígrafes é o seguinte:

Movimentos Outros activos financeiros a longo prazo	Saldo 31/12/2023	Saldo 31/12/2022
SALDO INICIAL BRUTO	3.000.016	3.000.016
(+) Resto de entradas	-	-
(+/-) Traspasos e outros movementos	(1.000.000)	-
SALDO FINAL BRUTO	2.000.016	3.000.016

Movimentos Outros activos financeiros a curto prazo	Saldo 31/12/2023	Saldo 31/12/2022
SALDO INICIAL BRUTO	-	-
(+) Resto de entradas	1.200.000	1.200.000
(+/-) Traspasos e outros movementos	-	-
(-) Salidas, baixas ou reducións	-	-
SALDO FINAL BRUTO	1.200.000	1.200.000

No epígrafe de “Inversións financeiras a longo prazo. Outros activos financeiros”, ao 31 de decembro de 2023, figuran rexistradas varias imposicións subscritas en entidades financeiras por importe conxunto de 2.000.000 euros. Estes investimentos teñen vencementos en 2024. O resto do importe correspóndese con fianzas.

No exercicio 2023 as inversións financeiras xeraron un importe de 71.064 euros en concepto de intereses rexistrados no epígrafe de “Ingresos financeiros” da conta de resultados abreviada adxunta (12.600 euros en 2022).

2. Débedas a longo e curto prazo-

Ó 31 de decembro de 2023 o saldo do epígrafe “Débedas a curto prazo” recolle, fundamentalmente, o saldo adebedado aos provedores por adquisicións de inmovilizado por importe de 1.975.365 euros (1.215.667 euros ao 31 de decembro de 2022). O resto do importe correspóndese coas entregas en efectivo das fianzas por algún dos arrendatarios de parte do Complexo por importe de 31.094 euros (34.713 euros ao 31 de decembro de 2022). No ano 2022 recolléronse tamén 402.009 € en concepto de Débedas Transformables en Subvencións.

En virtude do convenio de natureza patrimonial firmado o 15 de abril de 2019 entre a Fundación e o CSIC no exercicio 2019 recolleuse na partida de débedas transformables en subvencións o importe recibido de 1.200.000 euros correspondente metade da contía consignada no mesmo.

No exercicio 2021 recíbese a outra metade do importe comprometido no convenio, 1.200.000 euros, e se firma a escritura pública de “Constitución de dereito real de uso, irrevogable e limitado, outorgada pola Fundación Cidade da Cultura (FCDCG) a favor da Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC)” pasando a cualificarse o importe total recibido como un ingreso anticipado como dereito de uso nos 75 anos de duración do convenio. En consecuencia pasa a recollese dito importe nas correspondentes partidas do balance axunto como “Periodificacións a longo prazo” por importe de 2.367.568 euros e 32.432 euros en “Periodificacións a curto prazo” a 31 de decembro de 2.022. No exercicio 2023 o importe da partida “Periodificacións a longo prazo” ascende a 2.335.136 euros e a partida “Periodificacións a curto prazo” ascende a 32.432 euros.

3. Información sobre a natureza e o nivel de risco procedente de instrumentos financeiros

As actividades da Entidade están expostas a diversos riscos financeiros. A xestión do risco está controlada polo departamento financeiro. Os principais riscos financeiros indícanse a continuación:

- **Risco de crédito:** a Entidade non ten risco de crédito derivado das operacións realizadas xa que a maior parte das débedas proveñen de subvencións coas administracións públicas que non supoñen risco significativo en canto a súa certeza de cobro.

- Risco de liquidez: a Entidade leva unha xestión prudente do risco de liquidez elaborando seguimentos da tesourería con carácter mensual. Nestes momentos é á vista dos recursos líquidos existentes na Entidade o risco de liquidez é practicamente nulo.
- Risco de tipo de interese: os fluxos de efectivo das actividades de explotación son independentes respecto ás variacións dos tipos de interese do mercado. Ó mesmo tempo, non se dispón de activos financeiros cuxo valor se puidera ver afectado de forma relevante por fluctuacións nos tipos de interese.
- O risco de tipo de mercado: O risco de mercado non existe por non dispoñer a Entidade de financiamento alleo.

10 - FONDOS PROPIOS

A continuación detallase o movemento habido no epígrafe A.1 do pasivo do balance:

EXERCICIO 2023				
FONDOS PROPIOS	Saldo inicial	Aumentos	Traspasos	Saldo final
I. Dotación fundacional/Fondo social	61.170.484	-	-	61.170.484
II. Reservas voluntarias	(822)	-	-	(822)
V. Excedentes de ejercicios anteriores	(18.236.423)	-	(1.649.316)	(19.885.739)
VI. Excedente do exercicio	(1.649.316)	(921.928)	1.649.316	(921.928)
TOTAIS	41.283.923	(921.928)	-	40.361.995

EXERCICIO 2022				
FONDOS PROPIOS	Saldo inicial	Aumentos	Traspasos	Saldo final
I. Dotación fundacional/Fondo social	61.170.484	-	-	61.170.484
II. Reservas voluntarias	(822)	-	-	(822)
V. Excedentes de ejercicios anteriores	(16.345.616)	-	(1.890.807)	(18.236.423)
VI. Excedente do exercicio	(1.890.807)	(1.649.316)	1.890.807	(1.649.316)
TOTAIS	42.933.239	(1.649.316)	-	41.283.923

O epígrafe "Dotación Fundacional" recolle a dotación inicial achegada pola Xunta de Galicia no acto fundacional, incrementada coas sucesivas contribucións achegadas por esta mesma Administración con posterioridade e pola parte do excedentes de exercicios precedentes destinado, de conformidade cos estatutos da Fundación, ó incremento desta partida do Balance. A data de peche do exercicio non se atopaba pendente de desembolso cantidade ningunha.

Segundo se indica nos estatutos da Fundación, en caso de extinción da mesma, o patrimonio neto resultante da liquidación dos bens pasará a formar parte dunha Institución que persiga fins de interese xeral, neste caso a Xunta de Galicia.

A principal variación dos fondos propios nos exercicios 2023 e 2022 foi a aplicación dos excedentes da Fundación.

11 - EXISTENCIAS

O saldo do epígrafe "Existencias" ascende ó 31 de decembro de 2023 a 151.755 euros (123.091 euros ó 31 de decembro de 2022) e correspóndese ó valor ó peche do exercicio das existencias de publicacións e outro material para a venda ós usuarios e visitantes do complexo Cidade da Cultura de Galicia.

A información das correccións valorativas é a seguinte:

Deterioro de valor de existencias	Exercicio 2023	Exercicio 2022
Importe ó inicio do exercicio	(32.724)	(5.507)
Importe ó remate do exercicio	(14.368)	(32.724)

No exercicio 2023, motivado pola actualización do inventario de existencias, recolleuse nos almacéns un incremento das existencias por importe de 18.356 euros. No exercicio 2022 recoñeceuse una baixa nos almacéns da fundación por importe de 27.217 euros de existencias que se atopaban totalmente deterioradas ó final do exercicio.



12 - SITUACIÓN FISCAL

12.1 Imposto sobre beneficios.

De acordo co Título II de la Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos, as fundacións gozarán de exención no Imposto sobre Sociedades, entre outras, polas seguintes rendas: As doazóns recibidas para colaborar nos fins da Entidade e as axudas económicas recibidas en virtude dos convenios de colaboración empresarial regulados no artigo 25 de dita Lei; as subvencións, salvo as destinadas a financiar a realización de explotacións económicas non exentas; as procedentes do patrimonio mobiliario e inmobiliario da Entidade, como son os dividendos, intereses, canons e alugares; e as obtidas no exercicio das explotacións económicas exentas relacionadas no artigo 7 de dita Lei. Así pois, na base imponible do Imposto sobre Sociedades só se incluírán as rendas derivadas das explotacións económicas non exentas.

Esta Entidade optou polo réxime fiscal especial do citado Título II da Lei 49/2002, de 23 de decembro, mediante a oportuna comunicación á Administración tributaria de data 13 de xaneiro de 2005.

Esta Entidade non desenvolveu durante o exercicio actual e anterior actividades non exentas.

Co acollemento ó réxime estipulado no título II da lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais o mecenado a Entidade consegue ter unha exención total das súas rendas no imposto sobre sociedades e polo tanto a base imponible difire do resultado contable.

Isto concrétese en tódolos los tipos de renda que a Entidade xera, como os donativos, as cotas de asociados, subvencións recibidas, convenios de colaboración, ingresos por prestacións de servizos, etc.

Os exercicios abertos a inspección comprenden os catro derradeiros exercicios. Dende o exercicio 2019 para o caso do Imposto sobre Sociedades, as declaracións de impostos non poden considerarse definitivas ata a súa prescrición ou a súa aceptación polas autoridades fiscais e, con independencia de que a lexislación fiscal é susceptible a interpretacións. O órgano de goberno estima que calquera pasivo fiscal adicional que puidera poñerse de manifesto, como consecuencia dunha eventual inspección, non terá un efecto significativo na contas anuais tomadas no seu conxunto.

12.2 Saldos con administracións públicas.

A composición dos saldos con Administracións Públicas é:

Saldos debedores con administracións públicas	Exercicio 2023	Exercicio 2022
Facenda Pública, debedora por subvencións concedidas	19.177.940	18.197.577
Facenda Pública, debedora por devolución IVE	-	-
Facenda Pública, debedora por devolución IS	-	-
Facenda Pública, debedora por outros conceptos	-	-
Organismos da Seguridade Social debedores	-	-
TOTAL	19.177.940	18.197.577

Saldos acredores con administracións públicas	Exercicio 2023	Exercicio 2022
Facenda Pública, acreedora por IRPF e IVE	358.177	273.986
Organismos da Seguridade Social, acredores	29.004	30.409
TOTAL	387.181	304.395

13 - INGRESOS E GASTOS

1. A continuación móstrase o desglose da partida da conta de resultados de:

- Aprovisionamentos:

Aprovisionamentos	Exercicio 2023	Exercicio 2022
Consumo de mercadorías-		
a) Compras, netas devolucións e descontos das cales:	295	1.121
b) Variación de existencias	(11.765)	(16.513)
Traballos realizados por outras entidades	131.304	146.010
TOTAL	119.834	130.618

- O desglose da partida de “Gastos de persoal” é a seguinte:

Conta	Exercicio 2023	Exercicio 2022
Soldos e salarios	1.045.271	1.081.030
Cargas sociais-		
a) Seguridade Social a cargo da empresa	301.206	294.967
c) Outras cargas sociais	3.828	13.236
TOTAL	1.350.305	1.389.233

- O desglose de “Outros gastos da actividade” corresponden a:

Concepto	Exercicio 2023	Exercicio 2022
Outros gastos da actividade		
a) Servizos exteriores	10.508.751	8.296.107
- Arrendamentos	21.262	5.600
- Reparacións e conservación	1.131.158	1.010.221
- Servizos profesionais	220.714	197.919
- Transportes	171.767	215.710
- Primas de seguros	164.194	139.741
- Servizos bancarios y similares	81	111
- Publicidade e propaganda	812.022	732.974
- Subministros	3.224.528	2.001.015
- Outros gastos	4.763.025	3.992.816
b) Tributos	22.137	21.307
c) Axustes positivos na imposición indirecta	-	(16.806)
d) Perdas, deterioro e variación de provisións por operacións comerciais	(863)	-
e) Outros gastos de xestión de corrente	-	-
TOTAL	10.530.025	8.300.608

Nos exercicios 2023 e 2022 realizáronse correccións valorativas positivas do saldo de debedores. A información das correccións valorativas é a seguinte:

Deterioro de valor dos debedores	Exercicio 2023	Exercicio 2022
Importe ó inicio do exercicio	10.378	10.878
Importe ó remate do exercicio	9.515	10.378

- Os ingresos por colaboracións ascenderon a 53.000 euros no exercicio 2023 (35.400 euros no exercicio 2022).
- Os resultados orixinados fora da actividade normal da Entidade incluídos na partida “Outros resultados” da conta de resultados abreviada ascenden a unha perda de 18.003 euros. Nesta partida recóllense ingresos excepcionais por importe de 32.922 euros correspondentes a unha anulación dunha débeda prescrita co AMTEGA por importe de 32.038 euros e o resto a indemnizacións de entidades aseguradoras. Ademais recolle en concepto de gastos excepcionais por importe de 50.924 euros correspondentes na práctica totalidade a unha dunha débeda inexistente co ATURGA por unha subvención.
- No exercicio anterior, os resultados orixinados fora da actividade normal da Entidade incluídos na partida “Outros resultados” da conta de resultados abreviada ascenderon a unha perda de 271.362 euros. Nesta partida recolléronse ingresos excepcionais por importe de 9.468 euros correspondentes na práctica totalidade á regularización de saldos de contas de provedores. Ademais recolle en concepto de gastos excepcionais por importe de 280.830 euros correspondentes na práctica totalidade a unha resolución do TEAC sobre a liquidación do IVE do exercicio 2012 a unha provisión dotada por responsabilidade patrimonial da fundación.



14 - PROVISIÓNS E CONTINXENCIAS

Provisións recoñecidas no balance:

A análise do movemento deste epígrafe do balance durante o exercicio é o seguinte:

Estado de movementos das provisións exercicio 2023	Outras provisións	TOTAL
SALDO Ó INICIO DO EXERCICIO 2023	28.795	28.795
(+) Dotacións	0	0
SALDO Ó PECHE DO EXERCICIO 2023	28.795	28.795

Baixo o epígrafe "Provisións a longo prazo" inclúese unha provisión para responsabilidades patrimoniais dotada no exercicio 2022 para cubrir eventuais responsabilidades derivadas da reclamación dos danos sufridos por unha caída dunha persoa nos espazos do complexo.

15 - INFORMACIÓN SOBRE MEDIO AMBIENTE

A xerencia da Fundación manifesta que na contabilidade correspondente ás presentes contas anuais non existe ningunha partida de natureza medioambiental que deba ser incluída na Memoria de acordo ás indicacións da terceira parte do Plan de Contabilidade das entidades sen fins lucrativos (Resolución de 26 de marzo de 2013, 10 de abril de 2013).

16 - SUBVENCiónS, DOAZóNS E LEGADOS

O importe e características das subvencións, doazóns e legados recibidos que aparecen no balance a 31 de decembro de 2023, así como os imputados na conta de resultados do exercicio se detallan a continuación:

Descrición	Entidade Concedente	Tipo Administración	Ano concesión	Importe concedido	Saldo ó inicio	Entradas	Imputación do exercicio	Saldo ó remate
Subvencións de capital	Xunta de Galicia	Autonómica	2004-2023	277.906.653	184.365.694	2.821.634	(5.583.486)	181.603.842
Subvencións de capital	AMTEGA	Autonómica	2015-2023	2.018.247	1.421.868	268.413	(118.798)	1.571.483
Subvencións de capital	Consortio Santiago	Local	2002	846.365	592.499	-	(16.928)	575.571
Subvencións de capital	INEGA	Autonomica	2021	8.251	7.216	-	(825)	6.391
Subvencións de capital	Diputación da Coruña	Provincial	2016	3.003	3.003	-	-	3.003
Legados	Privada		2011-2014	7.382.345	7.368.085	-	(1.642)	7.366.443
Legados	Privada		2015	14.633.083	5.633.083	-	(1.000.000)	4.633.083
Legados	Privada		2017	587.159	572.405	-	(2.562)	569.843
TOTAL				303.386.106	199.963.853	3.090.047	(6.724.241)	196.329.659

Durante o exercicio 2023 non houbo doazóns de persoas físicas.

O importe e características das subvencións, doazóns e legados recibidos que aparecen no balance a 31 decembro de 2022, así como os imputados na conta de resultados do exercicio anterior detállanse a continuación:

Descrición	Entidade Concedente	Tipo Administración	Ano concesión	Importe concedido	Saldo ó inicio	Entradas	Imputación do exercicio	Baixa	Saldo ó remate
Subvencións de capital	Xunta de Galicia	Autonómica	2004-2022	275.086.019	187.830.972	2.757.324	(6.222.602)	-	184.365.694
Subvencións de capital	AMTEGA	Autonómica	2015-2021	1.749.834	1.561.020	-	(109.628)	(29.524)	1.421.868
Subvencións de capital	Consortio Santiago	Local	2002	846.365	609.427	-	(16.928)	-	592.499
Subvencións de capital	INEGA	Autonomica	2021	8.251	8.041	-	(825)	-	7.216



Subvencións de capital	Diputación da Coruña	Provincial	2016	3.003	3.003	-	-	-	3.003
Legados	Privada		2011-2014	7.382.345	7.369.727	-	(1.642)	-	7.368.085
Legados	Privada		2015	14.633.083	6.633.083	-	(1.000.000)	-	5.633.083
Legados	Privada		2017	587.159	574.967	-	(2.562)	-	572.405
TOTAL				300.296.059	204.590.240	2.757.324	(7.354.187)	(29.524)	199.963.853

Durante o exercicio 2022 non houbo doazóns de persoas físicas.

A análise do movemento do contido da partida correspondente do balance se desglosa nos seguinte cadro:

Movemento	Importe 2023	Importe 2022
Saldo ó inicio do exercicio	199.963.853	204.590.240
(+) Recibidas no exercicio	3.090.047	2.757.324
(-) Subvencións traspasadas resultado exercicio	(6.724.241)	(7.354.187)
(-) Baixa no exercicio	-	(29.524)
Saldo ó peche do exercicio	196.329.659	199.963.853

O importe das débedas transformables en subvencións, doazóns e legados rexistradas na partida do pasivo do balance “Outros pasivos financeiros” a curto prazo ascende a 0 euros a 31 de decembro de 2023 (402.009 euros a 31 de decembro de 2022).

O padroado considera que se cumpriron, e se prevén cumprir no futuro, as condicións establecidas nas correspondentes resolucións de concesión das citadas subvencións, para que as mesmas se consideren definitivas.

Subliñar igualmente que a Fundación recibiu no exercicio 2023 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, a cantidade de 9.479.785 euros (7.480.319 euros en 2022) e da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, a cantidade de 31.379 euros (114.124 euros en 2022), en concepto de subvencións imputables directamente á Conta de Resultados Abreviada, segundo os criterios de contabilidade xeralmente aceptados; así como 1.000.000 euros no exercicio 2023 (1.000.000 euros no ano 2022) da Fundación Gaiás para a execución de programas e actividades e 1.000 euros de Gadisa e da Embaixada de Portugal para colaborar nas actividades da Fundación. Igualmente, no exercicio 2023 a Fundación recibiu subvencións por importe de 53.000 euros de varias organizacións para o patrocinio de diversas actividades, que se levaron integramente a resultados no exercicio 2023 (35.400 euros no ano 2022) (ver Nota 9).

17 - ACTIVIDADE DA ENTIDADE. APLICACIÓN DE ELEMENTOS PATRIMONIAIS A FINS PROPIOS. GASTOS DE ADMINISTRACIÓN

17.1. Actividade da Entidade

ACTIVIDADE 1

A) Identificación.

Denominación da actividade	ACCIÓN CULTURAL
Tipo de actividade*	ACTIVIDADE PROPIA
Identificación da actividade por sectores **	E01
Lugar de desenvolvemento da actividade	SANTIAGO DE COMPOSTELA

Descrición detallada da actividade realizada

Exposicións	Breve descripción	Datas	Asistencia 2023
O CAMIÑO PORTUGUÉS. Lembranzas de mar e pedra	Exposición que buscou fomentar o encontro transfronterizo a través da fotografía, con material procedente dos arquivos fotográficos de Portugal e Galicia, tomou como punto de partida a cidade de Oporto, seguindo o itinerario do Camiño Portugués.	Do 01.12.2022 a 28.01.2023 (23 días en 2023), en Tui	675
FOI UN HOME. Laxeiro en América. Buenos Aires 1950-1970	O obxectivo da exposición foi difundir o legado de José Otero Abeledo, máis coñecido como Laxeiro, co gallo da celebración do Día das Artes Galegas. A exposición inaugurouse na súa vila natal, e contou con itinerancias en Madrid, Santiago de Compostela e París	Do 27.01 ao 13.03.2023 no Instituto Cervantes París	1.121
CIDADES NO TEMPO	Proxecto expositivo que abrangue as sete principais cidades galegas. O seu percorrido daba comezo o 3 de xuño de 2022 na sede de Afundación en Santiago de Compostela, para continuar polos distintos espazos en Ferrol, Lugo, A Coruña, Vigo, Pontevedra e Ourense, estendéndose nos anos 2023 e 2024. A través da combinación entre materiais físicos e tecnoloxías interactivas, con documentos, planos, mapas, fotografías, obras de arte e obxectos históricos e cotiáns, o formato propón unha experiencia multimedia de descubrimento das orixes das culturas urbanas	Ferrol no Tempo (Do 18.11 de 2022 ao 28.01.2023): 3.190 en 2023 Lugo no Tempo (Do 28.03 ao 27.05.2023): 3.978 Coruña no Tempo (Do 12.07 ao 16.09.2023): 12.242 Vigo no Tempo (Do 10.11 ao 21.01.2024): 7.819 en 2023	27.229
A VÍA DA PRATA. AIRES DO SUR	Proxecto expositivo e editorial, amosando paisaxes, monumentos e escenas cotiáns que foron inmortalizadas desde o século XIX ata os nosos días. Estivo conformada por 140 imaxes de 40 artistas da fotografía.	Do 19.01 ao 09.04.2023 (En Palacio Toledo-Moctezuma, Cáceres)	2.715
DE LUGARES E COUSAS. COLECCIÓN DE ARTE BANCO SABADELL	Composta por 41 obras pertencentes aos fondos da Colección de Arte Sabadell, a exposición reflexionaba, a través da arte contemporánea, sobre os símbolos, significados e sentidos cos que dotamos e construímos os lugares, e tamén a relación da obra artística cos espazos que habita. Pezas de Eduardo Chillida, Esther Ferrer, Antoni Tàpies, Isidro Valcárcel Medina, José Pedro Croft ou Susana Solano	Do 21.10.2022 ao 16.04.2023	14.598
CAMIÑOS CREATIVOS	Comisariada pola galega Monserrat Pis Marcos, conservadora do Holburne Museum en Bath, a exposición afonda na relación entre o desprazamento e a arte, concretamente, como o desprazamento a pé se integra como axente determinante do proceso artístico: camiñar para crear. Exhibe un cenetar de obras de destacadas coleccións internacionais: British Library, Kenwood House e Holburne Museum, Galerie Degli Uffizi e Palazzo Pitti Museo, Thyssen-Bornemisza Art Contemporary, Musée Fabre Montpellier, Museo Nacional del Prado, Museo Nacional de Arte Reina Sofía,...	Do 11.11.2022 ao 09.04.2023	19.807
DETRÁS DO ESPELLO	A exposición propón unha visión de Galicia a través da ollada de 50 recoñecidos nomes das artes, ciencias ou o pensamento do último século e medio: García Márquez, Albert Einstein, Miles Davis, Ernest Hemingway, Luis Buñuel, García Lorca, Julio Cortázar, Mike Oldfield, David Chipperfield, Anna Turbau, Isabel Coixet, José Luis Borges, Manfred Gnädinger, Susan Meiselas, Dorothé Schubart,...	Do 06.03.2023 ao 25.06.2023	15.729
LUZ NA TERRA. O SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS	Co gallo da celebración do centenario da fundación do Seminario de Estudos Galegos en 1923, e comisariada por Ramón Villares, a mostra pon en valor a obra desta institución que buscou a modernización da cultura galega a e proxección exterior da mesma, conectando ou intercambiando experiencias e publicacións. Na mostra tiveron especial participación o Instituto Padre Sarmiento, a Universidade de Santiago e o Museo do Pobo Galego	Do 04.07.2023 a 07.01.2024	22.416
TRABALLO EN EQUIPO. 30 ANOS DO CGAC	Mostra que pon de relevo a importancia do CGAC, co gallo do seu 30 aniversario, como artífice, depositario e custodio de colección pública de arte contemporánea de referencia	Do 11.07.2023 ao 15.10.2023	13.141
NICOLAS MULLER. VENTO NORTE	A exposición amosa 82 fotografías realizadas por Nicolás Muller nos anos 60, cando recibe un encargo fotográfico para unha serie de libros ilustrados que amosasen a riqueza da paisaxe e a cultura das diferentes rexións de España. Tamén reflexan unha escola de 49 das instantáneas máis coñecidas do fotógrafo, realizadas en Hungría, Francia, Portugal, Marrocos e España	Do 14.07.2023 ao 05.11.2023	14.542
BARREIRO. O SILENCIO QUE CHOVE LUZ NA XANELA	Exposición retrospectiva de José María Barreiro, que reúne máis de 50 pinturas e 80 debuxos do pintor de Forcarei, quen destacou polo seu papel como continuador do vangardismo histórico e postvangardismo de Laxeiro.	Do 29.11.2023 ao 28.04.2024	4.433
HÁBITATS. NATUREZA ESTENDIDA	Experiencia sensorial inmersiva que amosa, a través dunha viaxe polos cinco continentes, a diversidade de ecosistemas do planeta Terra (deserto de Sonora, Gran barreira de coral, Mar de Weddell na Antártida,...), combinando, unha única capa, os mundos físico e dixital, transportando ao visitante por nove destinos nos que se pode convivir e interactuar con animais e plantas.	Do 05.12.2023 ao 19.05.2024	1.518

Apoio á creación artística	Breve descripción	Datas	Asistencia 2023
A PORTA ABERTA. Proxecto gañador do EAN XI	Intervención artística nas Torres Hedjuk: proxecto vivencial para habitar as Torres Hedjuk e convertelas temporalmente nun estudio artístico aberto ao público e ao diálogo. Proposta plástica e performática da artista galega Lúa Gándara.	Do 01.09.2022 ao 08.01.2023	20
FITOTARIO. INVERNADERO INTERACTIVO.	Intervención artística de Macarena Montesinos nas Torres Hedjuk, que une arte sonora, tecnoloxía e natureza, nunha experiencia inmersiva que devolve ás Torres Hedjuk ao seu uso orixinal como invernadoiro.	Do 22.03.2023 ao 06.08.2023	Sen datos
REGA. Clásicas Desfeitas (vol. 6; vol.7 e vol. 8)	O programa Clásicas Desfeitas previsto para o ano 2023 permitiu redescubrir clásicos literarios a través doutras disciplinas artísticas. Abriuse ao encontro internacional con propostas que dialogan con artistas e compañías de Galicia, Portugal, México, Cuba e Uruguai. Propostas: "As dúas marxes de Antígona" (vol. 6), "Canta máis luz, máis sombra" (vol. 7 e vol. 8)	Do 07.03.2023 ao 25.03.2023	11
REGA- PLASMA. RESIS en residencia.	Plasma é un proxecto de realidade virtual que ofrece a oportunidade de entender, a través da imaxe e da música, como se constrúe o universo dun concerto de música contemporánea. Durante a residencia, o compositor Pedro González e os ensembles Klexos e Mosaik definiron os materiais multimedia da obra Plasma e elaboraron os fragmentos musicais que formaron parte do concerto realizado dentro do marco do festival Resis 2023 (9 persoas integrantes do proxecto, 90 persoas concerto e 81 persoas instalación na sala de proxección)	Do 29.04.2023 ao 14.05.2023	9
IV REB/VELADAS NA PAISAXE	Ciclo de intervencións artísticas, que levou a arte máis aló do Museo, poñendo en valor as zonas verdes da Cidade da Cultura. Co obxectivo permanente de visibilizar á presenza da muller en todos os eidos da arte contemporánea, foron tres comisarias galegas (Mercedes Rozas, Clara R. Cordeiro e Chus Villar), as encargadas de elixir as e o os artistas que interviñeron nos espazos: Diego Vidal, Rebeca Lar e Alberto Odériz.	Do 21.06.2023 ao 26.11.2023	50
A INAUGURACIÓN. UN EVENTO QUE NON TERMINA DE COMEZAR. Proxecto gañador do EAN XII	Intervención artística nas Torres Hedjuk, gañador do EAN 12, concibido como unha reflexión sobre a inmovilidade temporal do capitalismo contemporáneo. Proxecto do artista coruñés Joel Blanco	Do 31.08.2023 ao 07.01.2024 (so se recollen datos de asistentes á inauguración)	50
REGA-RESIDENCIA LITERARIA	Proxecto deseñado para o apoio e acompañamento de escritores emerxentes e inéditos baseado no intercambio de experiencias e a posta en común de coñecementos. Espazo para a escritura e o talento. Dirixido polo escritor Javier Peña, contou con recoñecidas escritoras das letras galegas e hispánicas: Marilar Aleixandre e Brenda Navarro	Do 3.07.2023 ao 15.07.2023	12
RESIDENCIA PARAÍSO	Residencias Paraíso pretende fomentar a aparición de novos proxectos de creación arredor das novas linguaxes contemporáneas, alimentando o campo de acción da comunidade artística no territorio. Os proxectos escollidos foron "Campo de Festa", traballo de Eduardo Valiña e Ana Gesto, do 26 de xuño ao 16 de xuño de 2023, e "Transparentar", proposta de investigación psicofísica dos creadores galegos Inés Santos e Bal Castro (do 10 ao 30 de xullo de 2023).	Do 26.06.2023 ao 16.07.2023 e do 10.07.2023 ao 30.07.2023	90
RESIDENCIAS INCIPIT. INVESTIGACIÓN E EXPERIMENTACIÓN ARTÍSTICA	"Mudar a Pel" foi o título deste primeiro proxecto que levou ao Gaiás a profesora e investigadora da Universidade do País Vasco, Mari Luz Esteban, ao musicólogo Llorián García e ao historiador e artista sonoro Andrés Rodríguez, baixo a coordinación do Incipit-CSIC. Obxectivo: achegar a antropoloxía a todos os públicos dende unha perspectiva artística.	Do 31.08.2023 ao 07.09.2023	3
BOLSAS REGA 2023	Catro bolsas de formación a través de residencias, para realizar catro proxectos vencellados ás artes plásticas, visuais, escénicas, musicais ou de deseño, proporcionando, por proxecto, 8.000,00 € para a súa materialización. Os proxectos seleccionados foron: "Está Vostede Aquí? (Sara Donoso); "Coidad@" (Marcos Dios Aguado), "Coiro Fervido" (Edita Rodríguez Oca), e "Con/suere" (Ana Pérez Valdés).	Do 01.10.2023 ao 30.11.2023 (recóllense datos dos asistentes ás presentacións)	83

Música e escena	Breve descripción	Datas	Asistencia 2023
ESCENAS DO CAMBIO 2023	Novena edición do Festival Escenas do Cambio, poñendo no centro a realidade e as transformacións sociais, baixo a dirección artística da dramaturga Lola Correa. Na edición de 2023 participaron artistas de todos os eidos: Matarile, Gustavo Ciriaco, Andrea Sonnberger, Roberto García de Mesa, Kirenia Danza, Matías Daporta, Alberto Cortés, Yolanda Castañó, Silvia Penas, Xiana Arias, Nuria Vil e Nieves Neira, Nazario Díaz, Las Huecas e Sons-Nús/CatroNubes	Do 04 ao 06.05.2023	917
DÍA DA MÚSICA.	Concerto que tivo como protagonista a "Fillas de Cassandra"	24.06.2023	900
ATARDECER NO GAIÁS	Ciclo musical de acceso libre. 18 actuacións previstas: Juancho Marqués, Rocío Sáiz, Dulzaro, Biznaga, Mariagrep, San Salvador, Madalena Gamalho, Jéssica Pina, Catuxa Salom, Kyr4, Bejo, Lontreira, Falscas e Xa'lum, Parquesv, Júlia Colom, Moura, Ben L'Oncle Soul e Natalia Lacunza	Do 06.07.2023 ao 31.08.2023	11.435
ÓPTICAS CONTEMPORÁNEAS. A MÚSICA REBORDA O PENTAGRAMA	Composto por tres concertos vinculados á música clásica dende unha perspectiva innovadora e contemporánea. Migue Axiuime ("Un riso para chorar"), Real Filharmonía de Galicia + DJ Mil ("Flying Pictures of an exhibition"), e Federico Albanese ("Days of passage")	29.10.2023, 03.11.2023 e 26.11.2023	592
DÍA DAS ARTES GALEGAS. MATINAIS MUSICAIS ESPECIAL MARTÍN CÓDAX	A Real Academia de Belas Artes decidiu dedicar o Día das Artes Galegas do 2023 á figura de Martín Códax. Atendendo a este cometido, decidiuse encargar ao compositor galego Borja Mariño unha obra que puxera música desde a contemporaneidade a un poema de Martín Códax.	02.04.2023	108
CLÁSICAS DESFEITAS. VOL. 6. AS DÚAS MARXES DE ANTÍGONA	A compañía de teatro El Mura, dirixida por Ivan Solarich, usou o seu período de residencia para traballar no proceso creativo e de produción do espectáculo "As dúas marxes de Antígona".	17 e 18.03.2023	81
CLÁSICAS DESFEITAS. VOL. 7 e VOL. 8. CANTA MÁIS LUZ, MÁIS SOMBRA.	A Compañía Nacional de Teatro de México e o Centro Dramático Galego construíron o espectáculo "Canta máis luz, máis sombra", na súa residencia artística no Gaiás.	23 e 24.03.2023	109



Letras e Pensamento	Breve descripción	Datas	Asistencia 2023
DÍA INTERNACIONAL DA MULLER	Con motivo da organización do Día Internacional da Muller, organizouse un Bookcrossing na Cidade da Cultura de Galicia (depósito e recollida de libros relacionados dalgún xeito coa figura da muller, en cinco puntos do Gaiás)	Do 06.03.2023 ao 12.03.2023	Sen datos
DÍA DAS LETRAS GALEGAS. Francisco Fernández del Riego. Encontro con centros escolares	Encontro co alumnado do Colexio Escolapios de Monforte de Lemos e colexio Labor, que tivo formato de programa televisivo, anunciado e moderado pola poeta Vanessa Glemsel.	17.05.2023	66
DÍA DAS LETRAS GALEGAS. Relecturas	Co fin de dar visibilidade ao legado divulgativo de Francisco Fernández del Riego, organizouse unha nova lectura compartida.	17.05.2023	67

En Familia	Breve descripción	Datas	Asistencia 2023
NADAL NO GAIÁS 22-23 (O bosque de papel)	O Hall de Tírentes convertiuse nun bosque de papel con figuras realizadas mediante a técnica de origami. Incluía un Mural dos desexos. Organizáronse actividades como a factoría de adornos e o 29.12.2022 presentouse unha obra de teatro de monicreques "Ás para Álex".	Do 17.12.2021 ao 06.01.2022	1.777
PEQUEFILMES 2023.	Festival infantil de curtas 2022, con escolma de 65 filmes de animación dirixidos ao público infantil.	28 e 29.02.2023	1.502
BAILE DO ENTROIDO.	Consistiu nunha viaxe polas diferentes épocas do tempo. Así, o andar -1 do Museo Centro Gaiás encheuse de personaxes pertencentes a diferentes épocas do tempo. O baile contou coa animación de DJ e coa actuación de Paco Pakolas e Ramona Órbita	20.02.2023	500
DÍA INTERNACIONAL DA MULLER. Obradoiro "8 mulleres"	Obradoiro que chega ao público familiar, de xeito lúdico e didáctico, a obra de 8 mulleres galegas de relevancia ao longo dos séculos XX e XXI (Maruja Mallo, Pamen Pereira, Soledad Penalta, Almudena Fernández, Berta Cárcamo, Lolita Díaz Baliño, María Xosé Díaz e Menchu Lamas)	11.03.2023	32
DÍA MUNDIAL DO CIRCO	Espectáculo "Doppio Zero", da compañía Carpe Diem, ambientada na Italia dos anos 50 do pasado século	22.04.2023	296
DÍA DAS LETRAS GALEGAS. LETRAS E LUGARES COMEZAN POR L	Obradoiro para nenas e nenos a partir de 3 anos: realización dun caderno de bitácora	13.05.2023	21
DÍA DO MEDIO AMBIENTE. OBRADOIROS	Actividades conmemorativas do Día do Medio Ambiente: Obradoiro "Os consumidores somos nós", Obradoiro "Xogo de busca" e Obradoiro "O coidado da natureza"	3 e 04.06.2023	36
CORRESPONSABLES NO GAIÁS. Campamento urbano "Pioneiras"	Dentro das medidas do Plan Corresponsables, a través da Secretaría Xeral de Emprego e Igualdade, celebráronse unha serie de actividades para favorecer a conciliación das familias cos menores, sendo o campamento urbano "Pioneiras", a primeira destas.	Do 26.06.2023 ao 08.09.2023	160
VERÁN NO GAIÁS 2023	Varias actividades para público familiar desenvolvidas no verán. Magic Space: A maxia das estrelas de Pedro Volta; Rock en familia: Queenmania; Isto é rock; e Lemniscate (da compañía francesa de circo Bivouac)	Do 28.06.2023 ao 18.07.2023	3.333
CORRESPONSABLES NO GAIÁS. Experimentia de verán	Segundo plan de actividades desenvolvido no marco do Plan Corresponsables. Un total de 11 sesións, onde o fio condutor foi o feito fotográfico	Do 11.07.2023 ao 22.07.2023	149
CIDADE IMAXINARIA	Tras catro anos de parón por mor da pandemia, o 2023 foi o ano de volta deste evento de maxia e fantasía na Cidade da Cultura. A programación incluíu cinco espectáculos de pista en escenario fixo de varios países, catro actuacións itinerantes e tres zonas de xogos e actividades con entretementos tradicionais e circenses, papaventos, xogos de enxeño, espzos para bebés e mesmo unha escoliña de circo	09.09.2023	6.000
CORRESPONSABLES NO GAIÁS. Experimentia de outono	Obradoiros onde o artístico e o científico se mesturaban no Museo Centro Gaiás para que a cativada puidera traballar libremente arredor da arte e experimentar coa luz, a sombra, os volumes, as palabras, as cores e as pedras	Do 17.10.2023 ao 18.11.2023	93
CORRESPONSABLES NO GAIÁS. Ópticas para a cativada	Durante as tres fins de semana do ciclo de outono Ópticas contemporáneas, programouse un espazo alternativo para favorecer a conciliación, para que a cativada ampliara os seus coñecementos musicais	29.10.2023 a 26.11.2023	60
CORRESPONSABLES NO GAIÁS. Obradoiros para a cativada "Luz na Terra"	No marco da exposición "Luz na Terra", organizáronse unha serie de obradoiros nas mañás dos domingos do mes de novembro: O Mundo Invisible e O Espírito Innovador.	Do 5.11.2023 ao 26.11.2023	79
NADAL NO GAIÁS 23-24 (Yggdrasil)	Proxecto deseñado para o Hall de tirantes do Museo Centro Gaiás por Cretectura (Patricia G. Abraín)	Do 15.12.2023 ao 07.01.2024	3.064
NADAL NO GAIÁS 23-24 (Lugh). Territorios luminosos)	Actividades familiares de Nadal	Do 16.12.2023 ao 04.01.2024	1.882
NADAL NO GAIÁS 23-24. Andersen, o parrullo feo	Proposta escénica da compañía Títeres Etcétera, combinando eh harmonía o espectáculo de contacontos co concerto de música en directo e teatro de monicreques.	29.12.2023	306
RETRETE CABARETE	Espectáculo da compañía El Retrete de Dorian Gray	07.10.2023	173



Visitar e divulgar	Breve descripción	Datas	Asistencia 2023
VISITAS REGULARES AO PROGRAMA DE EXPOSICIÓNS	Programa de visitas comentadas, a través de guías especializados	Todo o ano 2023	1.951
VISITAS CONCERTADAS AO PROGRAMA DE EXPOSICIÓNS	Dirixida a aqueles grupos de persoas interesadas nunha visita guiada	Todo o ano 2023	563
VISITAS DIDÁCTICAS AO PROGRAMA DE EXPOSICIÓNS	Especialmente dirixidas á comunidade educativa, adaptando os contidos aos diferentes niveis escolares.	Todo o ano 2023	3.474
VISITAS ARQUITECTÓNICAS E AOS ESPAZOS NATURAIS	Descubrir o Gaiás a través de visitas arquitectónicas e aos espazos naturais, incluíndo lugares non accesibles ao público en xeral, como a galería de servizos subterránea.	Todo o ano 2023	4.720
VISITAS ESPECIAIS FAMILIARES DE NADAL	Visitas especiais aos espazos arquitectónicos da Cidade da Cultura de Galicia e ás exposicións nas datas de Nadal	Do 27.12.2022 ao 07.01.2023	143
DÍA INTERNACIONAL DOS MUSEOS	Visitas especiais comentadas á exposición Detrás do Espello, centradas no descubrimento da cultura local galega por parte de personalidades internacionais	17, 18, 20 e 21.05.2023	80
DÍA DO MEDIO AMBIENTE	Actividades programadas para a fin de semana do 3 e o 4 de xuño, baixo o lema "por un planeta sen contaminación por plásticos". Inclúe programa de paseos pensados para dar coñecer a flora e a fauna do Gaiás	03 e 04.06.2023	78
ANDAINAS CON ARTE	Andaina guiada dunha hora de duración para que as persoas visitantes gocen do Xardín Literario e do Bosque de Galicia, para descubrir obras como <i>Deixa aquí os medos</i> , <i>Zapatos no camiño</i> , ou <i>Metáforas</i> .	Do 04.07.2023 ao 08.09.2023	164
IOGA NO MUSEO	O Museo Centro Gaiás converteuse nun refuxio onde experimentar a arte e o ioga como un só elemento, explorando o que teñen en común.	17.09.2023	35
TRABALLO EN EQUIPO. RELATOS CONTEMPORÁNEOS DESDE A COLECCIÓN CGAC	Visitas comentadas para descubrir a exposición da man do director do CGAC e comisario da mostra, Santiago Olmo, da tamén comisaria da exposición, Verónica Santos, así como de dous dos artistas que asinan algunha das pezas exhibidas: Mónica Alonso e Jorge Perianes.	23 e 30.09.2023	44
LUZ NA TERRA. O SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS	Ciclo de visitas guiadas abertas polo seu comisario, Ramón Villares, impartidas por diversos especialistas	17 e 24.10.2023; e 07,14,21 e 28.11.2023	106
PENSAR ANTES DE DISPARAR.	Obradoiro fotográfico ao redor da exposición "Nicolás Muller. Vento Norte"	31.10.2023 e 07.11.2023	44
VISITAS ESPECIAIS DE NADAL (2023-2024)	Visitas comentadas para entender as orixes artísticas e estéticas ocultas no deseño dos edificios do Gaiás	Do 26.12.2023 ao 29.12.2023	45
O GALIVERSO	Proxectos de tecnoloxías inmersivas e de realidade virtual co obxecto de amosar o patrimonio natural, material e inmaterial. Así "O Galiverso empeza aquí" (Do 20.10.2022 ao 26.03.2023); "Galiverso do Nadal" (Do 02 ao 15.01.2023), "Galiverso somerxido" (Do 05.04 ao 19.11.2023), "Galiverso, o vello Portomarín" (Do 21.11 ao 10.12.2023), e "Galivers de Nadal 23-24" (Do 15.12.2023 ao 07.01.2024):	Todo o ano 2023	10.991
BSO23 (Banda sonora orixinal da túa Paixón)	BS23 supuxo un punto de encontro para as bandas e agrupacións musicais de Semana Santa nas catro provincias galegas	04.02.2023	456
MARÍA CASARES-PEDRO SOLER. COLLIOURE 1989	Para conmemorar a figura de Antonio Machado, no 50 aniversario da súa morte, Pedro Soler, guitarrista flamenco nado en Toulouse, convidou á actriz María Casares a poñer voz aos versos do poeta nun recital homenaxe ao escrito. 33 anos despois daquel evento, o Festival Escenas do Cambio quixo lembrar o concerto inaugurando a súa oitava edición coa exposición "María-Casares-Pedro Soler, Collioure, 1989"	Do 23.02.2023 ao 08.04.2023	Sen datos
DÍA INTERNACIONAL DO LIBRO	Púxose a disposición nas redes sociais da Cidade da Cultura, dun vídeo resumo dos volumes 6, 7 e 8 de Clásicas Desfeitas, ofrecendo unha ollada renovada sobre textos clásicos	23.04.2023	17
DÍA INTERNACIONAL DA DANZA	Espectáculo <i>Bailador</i> , peza de danza galega coa que Óscar Cobos Compañía de Danza, puxo en escena a nove bailarinas ao son da música de Berroqueto.	29.04.2023	156
HOLI GAIÁS 2023	Para festexar o Día do Medio Ambiente, tivo lugar a 5ª edición da carreira Holi Gaiás, cun percorrido de 5 km, ategida de cor e música, e finalizando coa realización dunha coreografía musical	03.04.2023	698
DÍA DO MEDIO AMBIENTE. IOGA NO GAIÁS	Clase de ioga no Parque do Lago, dentro das actividades conmemorativas do Día do Medio Ambiente	03.04.2023	30
VI FESTIVAL DE BANDAS INFANTÍAS E XUVENÍS DE GALICIA	Sexto ano consecutivo no que o Gaiás acolle o Festival de Bandas infantís e xuvenís que organiza a Federación de Bandas de Galicia (participación de 12 bandas)	01.07.2023	1.000
FRONTEIRIZAS	Obra autoficcional da compañía cántabra Mari Paula Dance & Performance, que tivo lugar no Museo Centro Gaiás co gallo da clausura do ciclo Camiño Escena Norte.	22.10.2023	250
25N. DÍA CONTRA A VIOLENCIA MACHISTA	Obradoiro para maiores de 60 anos, centrado na explotación das posibilidades emocionais da fotografía	17 e 20.11.2023	9
CULTURGAL 2023	Stand da Cidade da Cultura de Galicia no CULTURGAL, presentación REGA e exposicións 2024	01, 02 e 03.12.2023	Sen datos

***Nota:** Polo sistema de contabilización de asistencias, os datos parciais de cada actividade non sempre suma ao total. Exemplo: Dentro dos visitantes totais de cada exposición están contabilizadas todas as persoas que as visitaron, pero no apartado de "visitas e accións divulgativas" están desagregados so aquelas persoas que non visitaron a exposición por libre, senón que foron atendidos polo persoal do servizo de atención, mediación e didáctica. Estas circunstancias pode darse nalguna outra actividade na que os asistentes comparten espazo e actividade e que se contabilizan en dous apartados (asistentes Nadal e asistentes a actividades divulgativas, outro exemplo,...)

B) Recursos humanos empregados na actividade.

Tipo	Número		Nº horas / ano	
	Previsto	Realizado	Previsto	Realizado
Persoal asalariado	10	9	14.153	17.900
Persoal con contrato de servizos	2	5	4.000	8.500
Persoal voluntario				

C) Beneficiarios ou usuarios da actividade.

Tipo	Número	
	Previsto	Realizado
Persoas físicas	200.000	190.673
Persoas xurídicas		
Proxectos sen cuantificar beneficiarios		

D) Obxectivos e indicadores de realización da actividade.

Obxectivo	Indicador	Cuantificación Previstos	Cuantificación Realizado
Incrementar asistentes a actividades culturais	Nº de persoas	143.770	190.673
Consolidar a oferta cultural no Gaia	Nº de eventos e actividades culturais	117	195
Liñas de apoio directo á creación artística	Nº de accións	23	37
Proxectos de investigación cultural	Nº de proxectos	20	20
Alentar a participación con artistas emerxentes	Nº artistas emerxentes	87	74
Gaia como xerador de contidos culturais	Nº iniciativas	18	10
Consolidar as actividades didácticas	Nº actividades	23	34
Potenciar os eventos divulgativos medioambientais	Nº de eventos divulgativos	9	11
Potenciar a divulgación do patrimonio galego	Nº de eventos divulgativos	21	25
Potenciar a internacionalización	Nº de accións	10	18

Fonte. Memoria do Departamento de Acción Cultural da Cidade da Cultura de Galicia; (cuantificación de obxectivos 1 e 29)
Explicacións sobre cuantificación realizada en obxectivos (do 3 ó 10)

03: APOIOS DIRECTOS Á CREACIÓN: 37

Neste apartado indícanse aqueles proxectos onde como resultado concreto houbo unha intervención artística no marco de distintos programa de Acción Cultural: exposicións, apoio á creación, capítulo de música e escena, residencias artísticas ou colaboracións con outras institucións parceiras

1.- EXPOSICIÓN CAMIÑOS CREATIVOS (5): OBRA PRODUCIDA "EXPROFESO" PARA A EXPOSICIÓN ISMAEL TEIRA, SARA ALONSO, VICTORIA EVANS, JUANMA GONZÁLEZ, NINA SALSOTTO CASSINA.

2.- EXPERIENCIA INMERSIVA HÁBITATS. NATUREZA ESTENDIDA

3.- INTERVENCIÓN A INAUGURACIÓN DE JOEL BLANCO

4.- INTERVENCIÓN FITOTARIO DE MACARENA MONTESINOS

5.- REB/VELADAS NA PAISAXE (3):

- FACENDO ZAPPING- COMISARIA: MERCEDES ROZAS. ARTISTA: DIEGO VIDAL.
- DIVISIÓN SIMPLE DE UNA ROCA DE GRANITO. COMISARIA: CHUS VILLAR. ARTISTA: ALBERTO ODÉRIZ.
- O CASO DE PALMIRA. COMISARIA: CLARA R. CORDEIRO. ARTISTA: REBECA LAR.

6.- REGA: (21)

- CLÁSICAS DESFEITAS (3)
 - o RESIDENCIA Vol. 6 "AS DÚAS MARXES DE ANTÍGONA"
 - o RESIDENCIA Vol. 7 e Vol. 8 "CANTA MÁIS LUZ, MÁIS SOMBRA"
- RESIS en residencia: PLASMA.
- RESIDENCIAS PARAÍSO (2)
 - o RELATO de Edu Valiña e Ana Gesto
 - o TRANSPARENTAR de Inés Santos e Bal Castro.
- RESIDENCIA LITERARIA (10)
- RESIDENCIAS INCIPIT. Mudar a pel
- AXUDAS REGA (4)
 - o *ESTÁ VOSTEDE AQUÍ? VULNERABILIDADE E EMOCIÓN NA PRÁCTICA ARTÍSTICA CONTEMPORÁNEA*, SARA DONOSO.
 - o *COIDAD@*, MARCOS DIOS AGUADO
 - o *COIRO FERVIDO*, EDITA RODRÍGUEZ OCA.
 - o *CONSUERE*, ANA PÉREZ VALDÉS

7.- ESCENAS DO CAMBIO (5)

- o "POESCÉNICAS", CON YOLANDA CASTAÑO, SILVIA PENAS, XIANA ARIAS, NURIA VIL E NIEVES NEIRA.

04: PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN: 20

Considéranse proxectos de investigación aqueles que teñen como obxectivo afondar en temáticas propostas, presentar resultados froito dunha hipótese de traballo que pode ter unha vertente práctica, introdución do I+D+ i no percurso do desenvolvemento do proxecto.

- 1.- EXPOSICIÓN CAMIÑOS CREATIVOS
- 2.- EXPOSICIÓN DETRÁS DO ESPELLO
- 3.- EXPOSICIÓN LUZ NA TERRA. O SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS UNHA INSTITUCIÓN DE ALTA CULTURA
- 4.- EXPERIENCIA INMERSIVA "HÁBITATS"
- 5.- INTERVENCIÓN A INAUGURACIÓN DE JOEL BLANCO
- 6.- INTERVENCIÓN FITOTARIO DE MACARENA MONTESINOS
- 7.- REB/VELADAS NA PAISAXE (3):

- o *FACENDO ZAPPING*- COMISARIA: MERCEDES ROZAS. ARTISTA: DIEGO VIDAL.
- o *DIVISIÓN SIMPLE DE UNA ROCA DE GRANITO*. COMISARIA: CHUS VILLAR. ARTISTA: ALBERTO ODÉRIZ.
- o *O CASO DE PALMIRA*. COMISARIA: CLARA R. CORDEIRO. ARTISTA: REBECA LAR.

8.- REGA:

- CLÁSICAS DESFEITAS (3)
 - o RESIDENCIA Vol. 6 "AS DÚAS MARXES DE ANTÍGONA"
 - o RESIDENCIA Vol. 7 e Vol. 8 "CANTA MÁIS LUZ, MÁIS SOMBRA"
- RESIS en residencia: PLASMA.
- RESIDENCIAS PARAÍSO (2)
 - o RELATO de Edu Valiña e Ana Gesto
 - o TRANSPARENTAR de Inés Santos e Bal Castro.
- RESIDENCIAS INCIPIT. Mudar a pel
- AXUDAS REGA (4)
 - o *ESTÁ VOSTEDE AQUÍ? VULNERABILIDADE E EMOCIÓN NA PRÁCTICA ARTÍSTICA CONTEMPORÁNEA*, SARA DONOSO.
 - o *COIDAD@*, MARCOS DIOS AGUADO
 - o *COIRO FERVIDO*, EDITA RODRÍGUEZ OCA.
 - o *CON/SUERE*, ANA PÉREZ VALDÉS

05: PARTICIPACIÓN CON ARTISTAS EMERXENTES: 74

Trátase de contabilizar os artistas emerxentes/novos que participaron directamente en programas promovidos pola Fundación Cidade da Cultura.

1.- ENCONTRO DE ARTISTAS NOVOS: 40

2.- CLÁSICAS DESFEITAS (4)

- o RESIDENCIA Vol. 6 "AS DÚAS MARXES DE ANTÍGONA"

3.- REGA

- RESIS en residencia (2): PLASMA.
- RESIDENCIA INCIPIT MUDAR A PEL (2)
- RESIDENCIAS PARAÍSO (2)
 - o TRANSPARENTAR de Inés Santos e Bal Castro.
- RESIDENCIA LITERARIA (10)
- AXUDAS REGA (3)
 - o *ESTÁ VOSTEDE AQUÍ? VULNERABILIDADE E EMOCIÓN NA PRÁCTICA ARTÍSTICA CONTEMPORÁNEA*, SARA DONOSO.
 - o *COIDAD@*, MARCOS DIOS AGUADO
 - o *CON/SUERE*, ANA PÉREZ VALDÉS
- 4.- DÍA DA MÚSICA: FILLAS DE CASSANDRA
- 5.- ATARDECER NO GAIÁS (8): DULZARO, MARIAGREP, MADALENA GAMALHO, CATUXA SALOM, KYRA4, LONTREIRA, FAÍSCAS,

XA'LUM

6.- REB/VELADAS NA PAISAXE (2):

- o *FACENDO ZAPPING*- COMISARIA: MERCEDES ROZAS. ARTISTA: DIEGO VIDAL.
- o *O CASO DE PALMIRA*. COMISARIA: CLARA R. CORDEIRO. ARTISTA: REBECA LAR.

06: XERACIÓN DE CONTIDOS: 10

A Cidade da Cultura como entidade que xera contidos para outras institucións ou ben que exposicións, funcións, estreas que foron promovidas tiveron ou están a ter outros contextos para a súa presentación.

1.- EXPOSICIÓN O CAMIÑO PORTUGUÉS. LEMBRANZAS DE MAR E PEDRA NA SALA DE EXPOSICIÓN MUNICIPAL DE TUI

2.- FOI UN HOME. Laxeiro en América. Buenos Aires, 1950-1970 NA SEDE DO INSTITUTO CERVANTES EN PARÍS

3.- PROXECTO CIDADES NO TEMPO (3): ITINERANCIAS A LUGO (LUGO NO TEMPO), A CORUÑA (A CORUÑA NO TEMPO) E VIGO (VIGO NO TEMPO)

4.- CLÁSICAS DESFEITAS (2)

- o RESIDENCIA Vol. 7 e Vol. 8 "CANTA MÁIS LUZ, MÁIS SOMBRA NO CENTRO CULTURAL DE ESPAÑA EN MÉXICO"

5.- RESIS en residencia: PLASMA. NO FESTIVAL RESIS DA CORUÑA

6.- IOGA NO MUSEO. UN DIÁLOGO ENTRE AS FORMAS DO IOGA E A ARTE CONTEMPORÁNEA. CGAC

7.- MARÍA CASARES – PEDRO SOLER. COLLOURE 1989. CENTRO CULTURAL GAYA NUÑO, SORIA

07: ACTIVIDADES DIDÁCTICAS: 34

Dentro das actividades dirixidas ao público en idade escolar, nomeadamente deséñanse propostas acadas para fornecer no coñecemento, a creatividade, afondar nas temáticas e procurar unha mente crítica. No 2023 tivemos a achega do Plan Corresponsables que fixo posible que se materializara un programa específico de contido didáctico que permitise a conciliación.

1.- PEQUEFILMES

2.- VISITAS DIDÁCTICAS AO PROGRAMA DE EXPOSICIÓN (7)

3.- DÍA DAS LETRAS GALEGAS. FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO. ENCONTRO ENTRE CENTROS ESCOLARES

8.- CORRESPONSABLES NO GAIÁS:

- ÓPTICAS CONTEMPORÁNEA PARA A CATIVADA (3)

- CAMPAMENTO URBANO "PIONEIRAS" (4)

- EXPERIMENTIA DE VERÁN (10)

- EXPERIMENTIA DE OUTONO. ESPAZO LÚDICO AO REDOR DAS ARTES

- OBRADOIROS PARA A CATIVADA "LUZ NA TERRA" (4)

9.- PENSAR ANTES DE DISPARAR. OBRADOIRO FOTOGRÁFICO AO REDOR DA EXPOSICIÓN «NICOLÁS MULLER. VENTO NORTE»

10.- 25N. DÍA CONTRA A VIOLENCIA MACHISTA. E se facemos clic? | Obradoiro de fotografía con perspectiva de xénero

11.- NADAL NO GAIÁS 2023-2024 LUGH! TERRITORIOS LUMINOSOS: SESIÓN DE XOGO EN FAMILIA

08: DIVULGACIÓN MEDIOAMBIENTAL: 11

Este indicador sinala aquelas actividades vencelladas directamente coa contorna natural do Gaiás e a súa divulgación e aqueloutras onde a pegada ambiental e a difusión conservacionista está ben patente.

1.- EXPERIENCIA INMERSIVA HÁBITATS. NATUREZA ESTENDIDA

2.- VISITAS AOS ESPAZOS NATURAIS DO GAIÁS



- 3.- INTERVENCIÓN PAISAJÍSTICA FITOTARIO DE MACARENA MONTESINOS
- 4.- DÍA DO MEDIOAMBIENTE. OBRADOIROS ESPECÍFICOS E VISITAS NA BIODIVERSIDADE (4)
- 5.- HOLI GAIÁS
- 6.- REB/VELADAS NA PAISAXE (3):

- *FACENDO ZAPPING*- COMISARIA: MERCEDES ROZAS. ARTISTA: DIEGO VIDAL.
- *DIVISIÓN SIMPLE DE UNA ROCA DE GRANITO*. COMISARIA: CHUS VILLAR. ARTISTA: ALBERTO ODÉRIZ.
- *O CASO DE PALMIRA*. COMISARIA: CLARA R. CORDEIRO. ARTISTA: REBECA LAR.

09: DIVULGACIÓN PATRIMONIO GALEGO: 25

Trátase dunha das vías estratéxica de acción da Fundación Cidade da Cultura de Galicia. Neste indicador inclúense aqueles proxectos cunha fonda pegada de coñecemento de difusión do patrimonio cultural galego no seu amplo sentido e nomeadamente do patrimonio artístico e histórico.

- 1.- EXPOSICIÓN DETRÁS DO ESPELLO
- 2.- EXPOSICIÓN LUZ NA TERRA. O SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS UNHA INSTITUCIÓN DE ALTA CULTURA
- 3.- EXPOSICIÓN BARREIRO. O SILENCIO QUE CHOVE LUZ NA XANELA
- 4.- EXPOSICIÓN O CAMIÑO PORTUGUÉS. LEMBRANZAS DE MAR E PEDRA NA SALA DE EXPOSICIÓN MUNICIPAL DE TUI
- 5.- FOI UN HOME. Laxeiro en América. Buenos Aires, 1950-1970 NA SEDE DO INSTITUTO CERVANTES EN PARÍS
- 6.- PROXECTO CIDADES NO TEMPO (3): ITINERANCIAS A LUGO (LUGO NO TEMPO), A CORUÑA (A CORUÑA NO TEMPO) E VIGO (VIGO

NO TEMPO)

- 7.- DÍA DAS LETRAS GALEGAS. FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO. ENCONTRO ENTRE CENTROS ESCOLARES E RELECTURAS (2)
- 8.- VISITAS DIDÁCTICAS AO PROGRAMA DE EXPOSICIÓN (3)
- 9.- DÍAS DAS ARTES GALEGAS. MATINAIS MUSICAIS ESPECIAL MARTÍN CÓDAX. BORJA MARIÑO E CAROLINA MONCADA. CREACIÓN

"AD HOC" PARA ESTE CONCERTO

- 10.- OBRADOIROS PARA A CATIVADA "LUZ NA TERRA" (4)
- 11.- DÍA DA MÚSICA. FILLAS DE CASANDRA
- 12.- ATARDECER NO GAIÁS (6)

10: INTERNACIONALIZACIÓN: 18

Epígrafe vencellado ao Plan Estratéxico que procura a inclusión no programa cultural de iniciativas internacionais desde a colaboración con museos, artistas ou outro tipo de actividades.

- 1.- EXPOSICIÓN CAMIÑOS CREATIVOS
- 2.- PEQUEFILMES. FESTIVAIS CLERMONT-FERRAND (FRANCIA) E INDIEJÚNIOR (LISBOA)
- 3.- EXPOSICIÓN DETRÁS DO ESPELLO
- 4.- FOI UN HOME. LAXEIRO EN AMÉRICA. BUENOS AIRES, 1950-1970 NA SEDE DO INSTITUTO CERVANTES EN PARÍS
- 5.- EXPOSICIÓN O CAMIÑO PORTUGUÉS. LEMBRANZAS DE MAR E PEDRA NA SALA DE EXPOSICIÓN MUNICIPAL DE TUI
- 6.- CLÁSICAS DESFEITAS (3)
 - o RESIDENCIA Vol. 6 "AS DÚAS MARXES DE ANTÍGONA" (URUGUAI)
 - o RESIDENCIA Vol. 7 e Vol. 8 "CANTA MÁIS LUZ, MÁIS SOMBRA" (MÉXICO)
- 7.- ATARDECER NO GAIÁS: SAN SALVADOR (FRANCIA), JÉSSICA PINA (PORTUGAL), CATUXA SALOM (ARXENTINA) (3)
- 8.- ESCENAS DO CAMBIO. AQUÍ MENTRES CAMIÑAMOS", DE GUSTAVO CIRÍACO E ANDREA SONNBERGER (BRASIL).
- 9.- DÍA MUNDIAL DO CIRCO. ESPECTÁCULO "DOPPIO ZERO" (ITALIA)
- 10.- VERÁN EN FAMILIA. LEMNISCATE. BIVOUAC (FRANCIA)
- 11.- CIDADE IMAXINARIA (2)
- JUMP CUT | DOUBLE TAKE CINEMATIC CIRCUS (BÉLXICA)
- TIME TO LOOP | DÚO KAOS (ITALIA)
- 12.- ÓPTICAS CONTEMPORÁNEAS. A MÚSICA REBORDA O PENTAGRAMA (2)
 - o UN RISO PARA CHORAR DE MIGUEL AZGUIME (PORTUGAL)
 - o FEDERICO ALBANESE (ITALIA)

ACTIVIDADE 2

A) Identificación.

Denominación da actividade	EXPLOTACIÓN E RENDIBILIDADE ECONÓMICA DOS ESPAZOS CONSTRUIDOS
Tipo de actividade*	ACTIVIDADE PROPIA
Identificación da actividade por sectores **	Z01
Lugar de desenvolvemento da actividade	SANTIAGO DE COMPOSTELA

Descrición detallada da actividade realizada

Atínxese toda actividade da Fundación destinada á cesión/alugueiro dos espazos procedentes do seu patrimonio, co obxectivo de cumprir as finalidades sinaladas nos seus estatutos:

Artigo 7. Actividades fundacionais

Para a consecución dos fins mencionados no artigo anterior, a fundación pode realiza-las seguintes actividades:

h) As actividades e accións que contribúan a converter á Cidade da Cultura de Galicia nun proxecto economicamente sostible e socialmente rendible, incorporando novos socios estratéxicos, tanto públicos como privados, e diversificando as fontes de financiamento para acadar a sustentabilidade do proxecto con independencia do ciclo económico."

Abrangue igualmente as autorizacións temporais de espazos (por días), xestionadas dende o departamento de eventos da Fundación, ao marxe dos contratos e convenios que se formalizan con aqueles residentes que teñen máis vocación de permanencia.



Por outra banda, coa finalidade de facer realidade o principio de autoprovisión e de optimización do gasto no eido autonómico, no catálogo de servizos da Fundación Cidade da Cultura de Galicia figura a de prover de espazos ás distintas entidades do sector público autonómico mediante as oportunas autorizacións.

DEPARTAMENTO DE EVENTOS.

EVENTOS EXTERNOS. RECONTOS ANUAIS 2023

EVENTOS TOTALES_2023				
Nº EVENTOS		Nº ASISTENTES		INGRESOS
722		62.700		198.072,90€
ANO	EVENTOS	ASISTENTES	ON LINE	INGRESOS
2011	147	9.614	-	34.037,10€
2012	188	15.738	-	42.274,90€
2013	165	13.291	-	23.550,00€
2014	320	35.039	-	34.750,00€
2015	355	32.996	-	18.325,00€
2016	400	40.652	-	48.908,47€
2017	387	40.798	-	41.579,00€
2018	416	71.282	-	55.079,39€
2019	418	63.074	-	89.119,00€
2020	286	10.361	20.940	14.600,00€
2021	380	17.361	6.379	51.600,00€
2022	384	36.320	-	99.575,00€
2023	722	62.700	-	198.072,90€
TOTAL	4.568	449.481		751.471,10€

EVENTOS SEGÚN TIPO DE ENTIDADE SOLICITANTE

Solicitantes 1: aquelas entidades do sector privado con ánimo de lucro que organicen actividades alleas aos fins propios da Fundación. Tarifa Xeral.

Solicitantes 2: aquelas entidades do sector público e organismos oficiais non especificadas nos tipos 3 e 4, así como as asociacións e entidades sen ánimo de lucro ou entidades pertencentes ao CEM da Cidade da Cultura de Galicia. Tarifa Reducida.

Solicitantes 3: aquelas entidades con convenios de natureza patrimonial ou de colaboración firmados coa Fundación. Tarifa Exenta.

Solicitantes 4: aquelas/es solicitantes que pertencen á estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ou teñan asinados acordos de colaboración económica ou de patrocinio ca Fundación. Tarifa Exenta.

EVENTOS ORGANIZADOS POLA XUNTA DE GALICIA:

SOLICITANTES TIPO 2 E 4.

EVENTOS_ XUNTA 2023		
Nº EVENTOS	Nº ASISTENTES	INGRESOS
363	45.900	41.866,00€

Dentro dos eventos da Xunta de Galicia, a CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA contabiliza o seguinte:

EVENTOS_ CONSELLERÍA CULTURA 2023		
Nº EVENTOS	Nº ASISTENTES	INGRESOS
223	30.700	0.00€

EVENTOS ORGANIZADOS POR ENTIDADES EXTERNAS:

SOLICITANTES 1 E 2.



EVENTOS_ ENTIDADES EXTERNAS 2023		
Nº EVENTOS	Nº ASISTENTES	INGRESOS
358	15.200	110.710,90€
SOLICITANTES 3		
EVENTOS_ ENTIDADES EXTERNAS 2023		
Nº EVENTOS	Nº ASISTENTES	INGRESOS
ECOFIN	1.600	45.496,00€
CESIÓNs PERMANENTES (EXCLUIDOS PROXECTOS E INICIATIVAS DO CENTRO DE EMPRENDEMENTO)		
A 31.12.2023 o número de entidades cesionarias de espazos (non temporais) que figuran como residentes permanentes dentro das instalacións da Cidade da Cultura de Galicia (descontando as iniciativas emprendedoras do Centro de Emprendemento de Galicia, que figurarán noutro punto da liquidación do plan de actuación), ascenden a un total de 10 empresas con proxectos tecnolóxicos vencellados a obxectivos operativos AMTEGA, 1 empresa concesionaria dos servizos de restauración, Galicia), 4 entidades culturais (Consello Cultura Galega, Real Academia Galega, Academia Xacobeá, Pen Club), 5 entidades residentes no Edificio Fontán (CISUG, ACSUG, INCIPIT-CSIC, CIEDIX e CISPAC-PROXECTO NÓS), e 4 pertencentes á Xunta de Galicia (AMTEGA, AGADIC, S.X.Biblioteca e S.X. Arquivo).		

B) Recursos humanos empregados na actividade.

Tipo	Número		Nº horas / ano	
	Previsto	Realizado	Previsto	Realizado
Persoal asalariado	2	2	3.330	3.330
Persoal con contrato de servizos		7		9.600
Persoal voluntario				

C) Beneficiarios ou usuarios da actividade.

Tipo	Número	
	Previsto	Realizado
Persoas físicas		62.700
Persoas xurídicas	450	
Proxectos sen cuantificar beneficiarios		

D) Obxectivos e indicadores de realización da actividade.

Obxectivo	Indicador	Cuantificación Previstos	Cuantificación Realizado
Eventos alleos á Acción Cultural**	Nº de eventos	300	722

*Fonte. Solicitudes de autorización de espazos realizadas no ano 2020 e facilitadas segundo a base de datos do departamento de Visitas-Eventos.

ACTIVIDADE 3

A) Identificación.

Denominación da actividade	EMPRENDEMENTO EMPRESARIAL NO EIDO DAS INDUSTRIAS CULTURAIS, CREATIVAS E DE BASE TECNOLÓXICA
Tipo de actividade	ACTIVIDADE PROPIA
Identificación da actividade por sectores	I01
Lugar de desenvolvemento da actividade	SANTIAGO DE COMPOSTELA

Descrición detallada da actividade realizada



PROMOVENDO O EMPRENDIMENTO INNOVADOR

Xunto coa cultura e a tecnoloxía, a promoción do emprendemento innovador en Galicia é un dos eixos nos que se asenta o traballo da Cidade da Cultura desde a súa creación, e que converten o complexo do Gaiás nun dos motores de Galicia no impulso a proxectos innovadores no campo da cultura, o emprendemento e a tecnoloxía.

Con este propósito púxose en marcha o Centro de Emprendemento Creativo e actualmente, na liña dos obxectivos do II Plan Estratégico da Cidade da Cultura de Galicia 2022-2027, estase a apostar por afianzar o programa de emprendemento mediante o desenvolvemento de actividades que amplíen os servizos que actualmente se prestan, optando por unha óptica que supere o enfoque espacial engadindo servizos de valor.

Así, nesta nova etapa, as actividades céntranse en fomentar a creación artística, o desenvolvemento de programas verticais e a introdución da tecnoloxía nos proxectos e empresas do sector.

Entre as empresas residentes no CEM durante o 2023 atópanse:

Entidades non lucrativas para fins de utilidade pública ou representativas de intereses colectivos:

ENTIDADE NON LUCRATIVA	DESCRIPCIÓN
ASOCIACION CLUSTER EMPRESARIAL DE TURISMO DE GALICIA	Asociación en defensa do sector do turismo
ASOCIACIÓN DE EMPRESAS DE INSERCIÓN DE GALICIA	Asociación que traballa na defensa dos intereses das empresas de inserción e dos seus traballadores, así como na promoción das empresas asociadas dentro do ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.
FEDERACION GALEGA DE BANDAS DE MUSICA POPULARES	Federación de música popular
ASOCIACION GALEGA DE EMPRESAS DE ARTES ESCENICAS (ESCENA GALEGA)	Asociación Galega de artes escénicas
FEDERACIÓN LIBRARIAS DE GALICIA	Federación de Librarías de Galicia
ASOCIACIÓN CLUSTER DA FUNCION LOXISTICA DE GALICIA	Asociación en defensa do sector loxística
FUNDACION ACCION CONTRA EL HAMBRE	Acción contra el Hambre é unha entidade sen ánimo de lucro que ten por obxectivo loitar contra as causas e os efectos da fame.
ASOCIACIÓN GALEGA DO LIBRO INFANTIL E XUENIL	Asociación Galega do sector do libro infantil e xuvenil

